



PREGUNTA ORAL SOBRE A COLOCACIÓN DE REDUCTORES DE VELOCIDADE NA RÚA CLARA CAMPOAMOR

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte PREGUNTA ORAL


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o Concello de Santiago procedeu a colocar na rúa Clara Campoamor uns módulos de goma denominados “coxíns berlineses” ou “coxíns europeos” como medida para reducir a velocidade dos moitos vehículos que a diario empregan esta vía. Unha vía de catro carrís que rexistra unha gran intensidade media diaria de vehículos ao supoñer un acceso fundamental cara ao centro da cidade para moitas persoas que circulan a diario procedentes do contorno do Paxonal-Castiñeiriño e das vías de Ourense e A Estrada; e unha saída cómoda para aquelas persoas que circulan desde o norte da cidade.

Os dispositivos instalados, tal e como se ten argumentado por distintos organismos e especialistas, teñen vantaxes e inconvenientes en función das características da vía, do tipo de vehículos e do tráfico maioritario que soporta o vial.

Aínda que non parecen existir dúbidas sobre a legalidade do seu emprego e da bondade da súa función, si existe controversia sobre o seu emprego en determinadas situacións. De feito, segundo puidemos saber, hai poucos días unha asociación de motociclistas dirixiuse ao Goberno local pedíndolle a retirada destes “coxíns”, feito que xa se ten dado xa nalgunha cidade española por petición da veciñanza, que tamén os consideraba perigosos ao provocar que os condutores invadiran beiravías e mesmo o carril contrario para evitar os seus efectos. Unha advertencia de perigo que lle temos escoitado pública e recentemente a algunha veciña desta cidade.

Tendo en conta que o Concello non dispón dunha instrución propia sobre este particular e dado que non se fixo pública a normativa de aplicación que se segue, descoñecemos o motivo polo que, entre as posibles medidas ao alcance para abordar esta problemática real de exceso de velocidade, o Concello optou por esta medida en concreto para a rúa Clara Campoamor, cando se trata dunha vía con moi pouco tránsito de peóns, debido á ausencia de edificacións; que non emprega ningunha liña de transporte público urbano; con catro carrís e cunha gran densidade de tráfico.



Por todo o anterior, O Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta;

De existir, cal é a data e o contido –en canto a necesidade e idoneidade- do informe ou informes que xustificarian a decisión de optar polos chamados “coxíns berlineses” e non outra opción técnica?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2017.

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Popular